# ORDENANZA FISCAL Nº 19

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

**Artigo 1º.- Fundamento legal**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Val do Dubra procede á modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal.

**Artigo 2º.- Feito impoñible**

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo da escola infantil municipal.

**Artigo 3º.- Suxeitos pasivos**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito impoñible desta taxa.

**Artigo 4º.- Responsables**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria.

**Artigo 5º.- Estimación das rendas, tarifas, descontos e exencións**

Este baremo adáptase ó publicado pola Consellería de Familia, Promoción de Emprego, Muller e Xuventude a través do Decreto 70/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o réxime de prezos dos centros de atención á primeira infancia dependentes da dita Consellería (DOG número 52, do mércores 13 de marzo de 2002), que rexerán mentres non existan modificacións posteriores e que serán os seguintes:

- SMI (salario mínimo interprofesional) para o ano 2002: 442,20 euros.

- Prezo base/mes (6 a 8 horas/día): 110 euros.

- O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario normal será de 13,75 euros/mes.

- O Decreto 70/2002 sinala unicamente os prezos por asistencia en horario completo; os ratios por horario reducido obtéñense con aplicacións porcentuais.

Os prezos non incluídos na orde tamén se revisarán anualmente.

**Artigo 6º.- Base impoñible e cota tributaria**

A base impoñible virá determinada pola renda per cápita mensual, entendendo por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar ou cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezaoito anos ou fillos maiores de dezaoito anos, cunha minusvalía superior ó 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 ó número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Para os efectos, ten a consideración de ingresos a suma da parte xeral maila parte especial da base impoñible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas:

**Contribucións mensuais por horas de uso, horas complementarias e matrícula anual.**

| **RPC/mes** | **Reduccións** | **A pagar (6-8 h)** | **A pagar (3-6 h: 70%)** | **A pagar (-3 h: 40%)** | **Hora complementa rias** | **Matrícula / ano** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Inferior ó 50% SMI: - 221,10 € | 100% | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros | 0 euros |
| Entre o 50% e o 75% SMI: 221,10 - 331,65 € | 70% | 33 euros | 23,10 euros | 13,20 euros | 3,01 euros | 6,01 euros |
| Superior ó 75% e inferior ó 100% SMI: 331,65 - 442,20 € | 40% | 66 euros | 46,20 euros | 26,40 euros | 3,01 euros | 6,01 euros |
| Entre o 100% | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| e o 150% SMI: 442,20 - 663,30€ | 10% | 99 euros | 69,30 euros | 39,60 euros | 3,01 euros | 6,01 euros |
| Superior ó 150% SMI: +663,30€ | 0% | 100 euros | 77,00 euros | 44,00 euros | 3,01 euros | 6,01 euros |

**Descontos:**

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.

c) Cando asistan ó mesmo centro varios irmáns, desconto dun 20% por cada neno/a atendido/a. No caso de que estes irmáns nacesen de parto múltiple, o desconto será dun 30% por cada neno/a.

Estes descontos serán acumulables en caso de concorrer estas circunstancias na mesma praza.

Cando o/a neno/a atendido/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50%.

**Artigo 7º.- Retribución e período impositivo**

A taxa retribuirase cando se inicie a prestación do servizo. O período impositivo coincide co ano natural, prorrateado por meses.

**Artigo 8º.- Liquidación, recadación e xestión**

8.1. A liquidación da cota tributaria practicarase por meses naturais e deberán aboala os interesados nos dez primeiros días de cada mes, en calquera oficina bancaria na que teña conta o Concello.

8.2. Non se aboará a tarifa que corresponda ó mes en que o centro permaneza pechado por razóns de vacacións de verán. Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, non se aboará a tarifa que corresponda a este período.

8.3. A inasistencia do usuario ó centro durante un período determinado non supón redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

Con carácter excepcional, poderase solicitar exención de pagamento por causas de enfermidade do usuario, dende o primeiro día do segundo mes posterior ó comezo da ausencia, ata o primeiro día do mesmo mes de incorporación. Para isto é necesario solicitalo por escrito e debidamente xustificado mediante informes médicos.

**Artigo 9º.- Infraccións e sancións**

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Os prezos contidos nesta ordenanza entenderanse automaticamente modificados e adaptados a aqueles que a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, con carácter anual, para rexer nos centros autonómicos de atención á primeira infancia.

Val do Dubra, 13 de setembro de 2002.

O alcalde, Juan Manuel Baleato Iglesias.